





Prácticas
Restaurativas

INTRODUCCIÓN ÁS PRACTICAS RESTAURATIVAS

Aprendendo estratexias prácticas para construír relacións fortes e saudables



MARÍA ATOPA DIÑEIRO




María regresaba do colexio un día calquera




Atopou cartos no chan, diante da súa casa



Pensou nas cousas que podería mercar...




Ó chegar a casa non lle contou nada á súa nai



Pola contra, calou e gardou os cartos no escritorio da súa habitación



Ó día seguinte gastou parte do diñeiro




Tamén botou unha ollada a un catálogo de xoguetes para ver en que gastaría o resto do diñeiro



Despois, na rúa, escoitou ó veciño dicirlle á súa nai...



...que perdera os cartos aforrados para ir de vacacións coa
súa familia.



María sentiuse mal tras escoitar ó veciño, pero aínda así, non lle dixo nada á nai.

MARÍA ATOPA DIÑEIRO

Que pensas sobre o que fixo María?

MARÍA ATOPA DIÑEIRO

Que pensas sobre o que fixo María?

Quen cres que se sentirá afectado, contrariado, ou ferido polo que fixo María?




As persoas que se sentiron danadas ou contrariadas polo que
fixo María foron




As persoas que se sentiron danadas ou contrariadas polo que
fixo María foron




As persoas que se sentiron danadas ou contrariadas polo que
fixo María foron



Ó día seguinte, cando a nai de María entrou na habitación para pedirlle un lapis ...




...viu os cartos no escritorio de María




María admitiu que atopara os cartos e que xa gastara parte deles.

Como cres que está a sentirse
María agora?



Como cres que está a sentirse
María agora?




Como se sente a nai de María polo que
ela fixo?

Como cres que está a sentirse
María agora?



Que cres que
debería pasar
con María?

Como se sente a nai de María polo que
ela fixo?



A nai de María mandouna para o seu cuarto.

MARÍA ATOPA DIÑEIRO

Que pretende a nai de María cando a castiga na súa habitación?

MARÍA ATOPA DIÑEIRO

Que pretende a nai de María cando a castiga na súa habitación?

Que cres que vai facer María mentres estea castigada na habitación?

Como axuda isto a María a entender a quen danou?



Como axuda isto a María a entender a quen danou?



Que precisa facer María
para arranxar as cousas?

Os pais preguntáronlle a
María que pensaba que
debería facer para arranxar
as cousas



Os pais preguntáronlle a
María que pensaba que
debería facer para arranxar
as cousas



María respondeu que debería devolver os cartos e
pedir desculpas

Os pais preguntáronlle a
María que pensaba que
debería facer para arranxar
as cousas



María respondeu que debería devolver os cartos e pedir
desculpas

Os pais decidiron que organizarían unha reunión
para que puidera facelo



O pai falou co veciño e explicoulle o acontecido,
pediulles que asistisen a súa casa para manter unha
reunión entre as dúas familias




A reunión

MARÍA ATOPA DIÑEIRO


Quen cres que debe falar primeiro?

Que preguntas se deben facer?

Que esperas que pase nesta reunión?



María devolveu os cartos ós veciños e pediulles
desculpas



Como cres que se senten
agora os pais de María?

MARÍA ATOPA DIÑEIRO: PROCESANDO A EXPERIENCIA

Que foi o que aprendeu María desta experiencia?

So con castigar a María, que diferenzas habería ó final da historia?

XUSTIZA RESTAURATIVA

É unha resposta e unha actitude fronte o conflito no que, a diferenza da xustiza penal retributiva, reivindica a visión da vítima e da comunidade no proceso de administración de xustiza.



As TRES “R”:

Responsabilización do/a infractor/a

Reparación á vítima

Restauración do dialogo e das
les relacións

	X. ORDINARIA OU PENAL	X. RESTAURATIVA
DELITO	Infracción á normativa ou lei	Danos a persoa/s
RESPONSABILIDADE	Individual	Individual e social
CONTROL	Sistema penal	Comunidade
PROTAGONISTAS	Infractor e o Sistema	Vítima, agresora e comunidade
PROCEDEMENTO	Xudicial (sancionador)	Diálogo
FINALIDADE	Probar o delito (falta) Establecer responsabilidades Aplicar castigos ou sancións	Resolver conflitos Asumir responsabilidades Reparar o dano
TEMPORALIDADE	Está focalizado no pasado	Está focalizado no futuro

RESUMINDO

O proceso de diálogo é a gran diferenza entre a Xustiza Restaurativa e a Xustiza Retributiva.

Este diálogo permite ás persoas analizar quen foi danado, como, e que se debe facer para repararalo dano.

- **Á persoa danada** permítelle expresar directamente á ofensora os seus sentimentos (dor, medo, angustia...) e contribuír deste xeito a superar o impacto do acontecido.
- **Á persoa que danou** permítelle ser máis consciente do dano causado, asumir a súa responsabilidade e proporcionalle a posibilidade de reparar as consecuencias do que fixo.
- **Á comunidade** permítelle ser parte activa do proceso.

DA XUSTIZA RESTAURATIVA ÁS PRÁCTICAS RESTAURATIVAS

A Xustiza Restaurativa é un subgrupo das Prácticas Restaurativas. É fundamentalmente reactiva, ten respostas formais e informais ó delito e outras condutas indebidas unha vez que pasan.

As Prácticas Restaurativas fan uso de procesos formais e informais que anteceden ás condutas indebidas, que forxan proactivamente relacións e crean un sentido de comunidade para evitar o conflito e as condutas inapropiadas (Wachtel, 2012).

As PR poden verse como unha nova “ferramenta” ou poden considerarse a “caixa de ferramentas” (O’ Connell, 2017).


HIPÓTESE

A hipótese fundamental das Prácticas Restaurativas é que as persoas somos máis felices, máis cooperadoras, produtivas e temos máis probabilidades de facer cambios positivos no noso comportamento, cando aquelas que están en posición de autoridade fan as cousas **CON** nós, en lugar de CONTRA nós ou PARA nós.

OBXECTIVO

Fortalecer as relacións na comunidade e manexar as tensións e conflitos a través do entendemento, atención ós danos e ás necesidades das persoas involucradas e, cando sexa posible, a reparación do dano e a restauración das relacións.

O TRIANGULO PROACTIVO



Conter situacións que requiren dunha actuación especial

Resolver situacións que requiren unha resposta inmediata

Fortalecer vínculos e crear comunidade sempre que sexa posible

O TRIÂNGULO REACTIVO

Temos pouco tempo para criar comunidade

Os pequenos problemas deixámoslos pasar ou
poñemos parches

A convivencia céntrase en
afrontar problemas graves



PRÁCTICAS RESTAURATIVAS

As Prácticas Restaurativas son unha maneira de pensar e ser, enfocada en crear un espazo seguro para ter conversas que afondan nas relacións e constrúen comunidades conectadas e, polo tanto, máis fortes.

Mark Vander Vennen (Shalem Servizo de Saúde Mental, Canadá 2016).

SENDO CLAROS SOBRE A NOSA PRÁCTICA

A práctica restaurativa explícita está constituída de 4 elementos esenciais:


- A fiestra da responsabilidade social
- O diálogo restaurativo
- O proceso xusto
- Os afectos e o compás da vergoña

XANELA DA RESPONSABILIDADE

Máis alá de ideas tradicionais...

- ❑ Se quedamos no control non chegaremos a conectar, nin promover responsabilidade.
- ❑ Se tan so damos apoio, non fomentamos a súa responsabilidade.
- ❑ Se non facemos nin o un nin o outro, mellor non participar...
- ❑ Para dar unha resposta axeitada, debemos aportar alto control, pero tamén alto apoio.

ALTO
↑
CONTROL
(establecer límites, disciplina)



Isto servenos para calibrar as nosas actitudes, e no caso de non estar onde desexamos, poder revisalas...

DIÁLOGO RESTAURATIVO

Conversa guiada e estruturada que persegue:

- Abrir a comunicación
- Desenvolver a comprensión
- Chegar a acordos consensuados sobre que facer para que as cousas queden ben cando alguén foi danado.

Baséase en facer preguntas coas que, en vez de xulgar ou criticar a conduta, empúrrase ás persoas involucradas a reflexionar en profundidade.

COMO BLOQUEAR O DIÁLOGO RESTAURATIVO



POR QUE!!!?

Cal é o problema de facer esa pregunta?

Que respostas podemos obter ó empregar esta pregunta?

Como afectan o castigo e a culpa no proceso de aprendizaxe?

PROCESO DE APRENDIZAXE: CASTIGO E CULPA

Bloquean as relacións.

Non fomenta a empatía.

Non promove a reflexión nin a responsabilización.

Non promoven o cambio de comportamento.



PROCESO XUSTO

“...as persoas teñen maior probabilidade de confiar e cooperar libremente con sistemas -gañen ou perdan dentro de eses sistemas- cando observan un proceso xusto.”

Participación
Explicación
Claridade de Expectativas

(W. Chan Kim & Renee Mauborgne, Harvard Business Review, Xaneiro 2003)

3 PRINCIPIOS DO PROCESO XUSTO

PRINCIPIO 1:

- **Participación** – Involucrar e comprometer ás persoas nas decisións que lles afectan, escoitando os seus puntos de vista e tendo en conta as súas opinións, dándolles a oportunidade de contribuír e debater varias posibilidades de acción.

(W. Chan Kim & Renee Mauborgne, Harvard Business Review, Xaneiro 2003)

3 PRINCIPIOS DO PROCESO XUSTO

PRINCIPIO 2:

- **Explicación** – Todos os involucrados e afectados deben saber por que se tomaron as decisións finais e a forma na que se fixo. Explicar o proceso e a lóxica da decisión tomada crea un círculo de retroalimentación que promove a aprendizaxe.

(W. Chan Kim & Renee Mauborgne, Harvard Business Review, Xaneiro 2003)

3 PRINCIPIOS DO PROCESO XUSTO

PRINCIPIO 3:

- **Claridade de expectativas - Unha vez tomada a decisión, hai que asegurarse de que todos a entenden claramente e saben o que se espera deles nun futuro, así como as consecuencias derivadas de non adaptarse a estas expectativas.**

(W. Chan Kim & Renee Mauborgne, Harvard Business Review, Xaneiro 2003)

O QUE NON É O PROCESO XUSTO

Decisións por consenso / Democracia dentro do sistema escolar

Non busca acadar a harmonía

Non se propón obter o apoio das persoas a cambio de decisións que se adapten ás súas opinións, necesidades ou intereses

Persoas en posición de autoridade renunciando a súa responsabilidade de tomar decisións

TEORÍA DOS AFECTOS



COMPÁS DA VERGOÑA

ILLAMENTO

Illamento: tendemos a saír correndo, tapar a cara, tomar distancia, física ou emocional da situación.

Ataque a outras persoas: calquera forma de ataque, sexa físico ou verbal.

ATAQUE A UN
MESMO

Ataque a unha mesma: pode ir dende os pensamentos negativos ata as autolesións.

ATAQUE A
OUTROS

NEGACIÓN

Negación: non recoñecer o que pasa. Non aceptar a realidade.



FORMAS POSITIVAS DE MANEXAR A VERGOÑA

- Falar do que pasou
- Recoñecer que non se actuou ben
- Recoñecer os sentimentos propios e alleos
- Pedir desculpas

Polo tanto, podemos responder a outras persoas cando experimentan vergoña:

- ✓ Escoitando o que teñen que dicir
- ✓ Promovendo a asunción de responsabilidade
- ✓ Validando os seus sentimentos
- ✓ Reflexionando sobre o que causou o sentimento de vergoña
- ✓ Estando presentes con elas sen intentar resolverlles o problema
- ✓ Animando a falar sobre a súa experiencia

HIPÓTESE DE BRAITHWAITE

Separa a acción da persoa

As Prácticas Restaurativas permítenos:

Rexeitar a acción (conduta inaceptable) porque non responde ás expectativas ou ós estándares de convivencia

Mentres que:

Recoñece o valor intrínseco da persoa e o seu potencial para contribuír á sociedade.

VERGOÑA

Vergoña Estigmatizante.

Saca ó agresor da comunidade e ponlle unha etiqueta. Esta persoa agora é unha mala persoa que cometeu un crime. Si é empurrada fora da comunidade, é previsible que se vexa involucrada en grupos negativos que acepten o seu rol.

Vergoña Reintegradora.

Expresa desaprobación do acto pero non saca á persoa ofensora fora da comunidade. Este tipo de vergoña rexeita o acto, pero non á persoa. Promove a reintegración da persoa na comunidade ofrecendo os apoios precisos para que isto ocorra.

REPERTORIO DAS PRÁCTICAS RESTAURATIVAS

INFORMAL

FORMAL

A escoita

Declaracións afectivas

Preguntas restaurativas

Pequena reunión espontánea

Círculos restaurativos

Reunións formais

A ESTOITA EMPÁTICA

«A Empatía é a capacidade de poñerse na pel da outra»

Non nos limitemos a facer cousas,
esteamos presentes.

PRA ESCOITAR BEN, É MELLOR NON ...

Interromper

Criticar

Xulgar

Interrogar



Quitar importancia

Ignorar

Aconsellar

Distraerse

PARA UNHA BOA ESCOITA

- Estar interesada na súa perspectiva, buscar comprensión.
- Reflectir sentimentos.
- Validar os sentimentos da persoa, sexan os que sexan.
- Facer preguntas de aclaración.
- Parafrasear o que dixo, facer un breve resumo.



REPERTORIO DAS PRÁCTICAS RESTAURATIVAS

INFORMAL

FORMAL

A escoita

Declaracións afectivas

Preguntas restaurativas

Pequena reunión espontánea

Círculos restaurativos


Reunións formais

DECLARACIONES AFECTIVAS

Transformar as
mensaxes: “ti”
(culpabilizadoras),
a mensaxes : “eu”
(como me afecta)

Comunicación Non Violenta

(Marshal Rosenberg)



DECLARACIONES AFECTIVAS

Poñen límites

Ofrecen retroalimentación

Ensinan empatía

Imos **PEDIRLLE RESPONSABILIDADE** á outra persoa e ó mesmo tempo ímoslle proporcionar **apoio** (expresamos como nos sentimos e facemos unha petición)

Imos dicir o **QUE NECESITAMOS** á outra persoa sen danar ó vínculo

Imos **SER ASERTIVOS**: dicir o que sentimos **sen agresividade nin pasividade**

REPERTORIO DAS PRÁCTICAS RESTAURATIVAS

INFORMAL

FORMAL

A escoita

Declaracións afectivas

Preguntas restaurativas

Pequena reunión espontánea

Círculos restaurativos

Reunións formais

PREGUNTAS RESTAURATIVAS

Para incidentes onde temos claramente identificadas vítima/s e agresor/es:

Preguntas Restaurativas, 1. AUTOR.

- Que pasou?
- Que pensabas en ese momento?
- Quen foi afectado/a?
- De que xeito foron afectados/as?
- Que pensas agora (sobre o que fixeches)?
- Que podes facer para mellorar as cousas?

PREGUNTAS RESTAURATIVAS

Preguntas Restaurativas, 2. RECEPTOR

- Que foi o que pensaches cando te decataches do sucedido?
- Que impacto tivo este incidente en ti?
- Que impacto tivo nos demais?
- Que foi o máis difícil para ti?
- Que necesitas para que as cousas queden ben?

PREGUNTAS RESTAURATIVAS

- Dúas categorías de preguntas, as que se fan a quen causou o dano (con ou sen intención) e as que facemos a quen se sentiu danado.
- As preguntas abordan o pasado, presente e futuro.
- As preguntas van do individual ó colectivo.
- As preguntas axudan a asumir responsabilidade e a conectarse cos sentimentos.

PREGUNTAS RESTAURATIVAS

Preguntas Restaurativas 3.

Para incidentes onde non hai identificada vítima e agresor (todas as persoas séntense danadas):

- Que pasou e como te sentiches?
- De que xeito contribuíches ó que pasou?
- Quen foi danado e como?
- Que pensas agora sobre o que fixeches?
- Que necesitas que ocorra para que se arranxen as cousas?
- Que podes facer ti para mellorar as cousas?

REPERTORIO DAS PRÁCTICAS RESTAURATIVAS

INFORMAL

FORMAL

A escoita

Declaracións afectivas

Preguntas restaurativas

Pequena reunión espontánea

Círculos restaurativos

Reunións formais

PEQUENA REUNIÓN ESPONTÁNEA

É unha reunión para afrontar conflitos de intensidade leve ou moderada o máis pronto posible, ofrecendo un espazo seguro de escoita, onde se comparten os danos sufridos e se atenden as necesidades.

Poden ser situacións con vítima/s e agresor/es claramente identificados (preguntas 1 e 2) ou para incidentes onde as partes séntense vítimas e posiblemente sexan tamén agresoras (preguntas 3).

REPERTORIO DAS PRÁCTICAS RESTAURATIVAS

INFORMAL

FORMAL

A escoita

Declaracións afectivas

Preguntas restaurativas

Pequena reunión espontánea

Círculos restaurativos

Reunións formais

INTRODUCCIÓN

Círculos e comunidade.

Recuperar os vínculos e o sentimento de pertenza observado na maioría das comunidades ancestrais.

- Axudar ó alumnado a coñecerse mellor, a expresar as súas emocións sen danar ás demais persoas, a responder a unha conduta problemática, a aprender os contidos dunha materia, ...
- Documento: Aspectos fundamentais no uso de círculos

CÍRCULOS

A peza de diálogo



QUE APORTAN OS CÍRCULOS

- Igualdade
- Seguridade e confianza
- Responsabilidade
- Lembra que debes facilitar
- Constrúe conexións
- Pertenza




TIPOS DE CÍRCULOS

- Con rolda secuencial
- Con rolda non secuencial
- Tanque de peixes




CÍRCULO SECUENCIAL

- Pregunta específica
- En orde
- Espérase que todos participen




CÍRCULO NON SECUENCIAL

- Non hai orde preestablecida para participar
- A participación é voluntaria




TANQUE DE PEIXES

- Persoa expón situación
- Cadeira baleira
- Retroalimentación



PLANEANDO UN TANQUE DE PEIXES

- Dous círculos concéntricos
- Cadeira baleira opcional
- Retroalimentación positiva



ESTRUTURA TANQUE DE PEIXES

- Unha persoa comparte un problema
- Ten de 5 a 7 minutos ininterrompidos para describir o problema e permitir ó grupo coñecer o caso
- 5 a 7 minutos para realizar preguntas aclaratorias
- 5 a 7 minutos para ofrecer retroalimentación; o voluntario ou a voluntaria non interrompe, so escoita e toma anotacións
- A persoa que expón agradece a atención e pode mencionar algún aspecto positivo, se o considera.

APLICACIÓN DOS CÍRCULOS

- Ó comezo ou final dunha actividade, período (día, semana, trimestre, ...)
- Sobre o contido da actividade (grupos de avaliación, obxectivos persoais, ...).
- Sobre as relacións interpersoais (expresar sentimentos, talentos das persoas, coñecernos mellor, resolución de conflitos, ...).
- Para acadar acordos respecto a algo (normas, trato adecuado, calquera aspecto da convivencia, ...).
- Para falar de situacións de perdas ou situacións emocionalmente difíciles.

...

PROTOCOLO DE PREVENCIÓN E ACTUACIÓN NOS ÁMBITOS SANITARIO E EDUCATIVO ANTE O RISCO SUICIDA INFANTO-XUVENIL





INFORMACIÓN
CLAVE

ACTUACIÓN

RECOMENDACIONES

ANEXOS

ÍNDICE



Para a intervención
urxente

Para a acollida

Para a familia,
compañeiros/as e paciente

Para Atención Primaria

Para saber máis


Recomendacións para a acollida tras un intento de suicidio

Non se aconsella realizar accións grupais en caso de autolesións non suicidas ou cando así o indiquen os servizos de saúde mental.

En todos os casos precisase o consentimento da familia e da persoa que realizou o intento.

No caso dos círculos de diálogo a persoa facilitadora debe ter experiencia no seu desenvolvemento.

Propóñense dúas opcións de preparación da acollida:



Os círculos de diálogo son un tipo de prácticas restaurativas que teñen como obxectivo crear comunidade e xestionar pacificamente os conflitos.

OBJECTIVOS >>

Trátase de presentar a situación para permitir expresar as dúbidas e aclaralas

OBJECTIVOS >>





INFORMACIÓN
CLAVE

ACTUACIÓN

RECOMENDACIÓN

ANEXOS

ÍNDICE



Para a intervención
urxente

Para a acollida

Para a familia,
compañeiros/as e paciente

Para Atención Primaria

Para saber máis

Recomendacións para a acollida tras un intento de suicidio

1. DESENVOLVEMENTO DUN CÍRCULO DE DIÁLOGO



OBXECTIVOS:

- Coñecer a información coa que conta o grupo
- Valorar como lles afecta a nivel emocional
- Coñecer os esquemas previos sobre o suicidio
- Procurar o acollemento máis axeitado

MÁIS INFO

1 A persoa facilitadora comeza a **quenda con preguntas** de caldeamento que activan a comunicación.
Exemplo: *Se puideses cambiar unha soa cousa no mundo, cal cambiarías? Se puideras escoller unha cualidade positiva para ti, cal escollerías?*

2 Continuamos cun **mesturador**, destinado a cambiar a organización espacial inicial na que o grupo se dispuxo.
Exemplo: *o vento sopra —e débense cambiar de sitio— para as persoas que... teñan lentes... naceron en xuño etc.)*

3 Despois, introdúcese o **tema**, para o que propoñemos algunhas das seguintes preguntas:
Exemplo: *Como te sentes co que pasou? Como cres que se sente o/a voso/a compañeiro/a na súa volta ao centro? Como che gustaría que foran as cousas en relación co/a voso/a compañeiro/a? Que podemos facer como grupo para que se sinta cómodo/a e acollido/a?*

Nas dúas primeiras preguntas pódese pasar a palabra ao/a seguinte, se á persoa lle resulta incómodo ou doloroso falar. Nas dúas preguntas finais a participación pode organizarse en subgrupos.

4 Finalmente, como **reflexión e peche** úsanse preguntas do tipo
Exemplo: *Que levas deste círculo? Di unha palabra que resuma esta experiencia.*

CÍRCULOS PARA AFRONTAR O DUELO

- 1ª fase: a persoa que facilita fai unha introdución, informa sobre o ocorrido. Permítese preguntas para que as persoas poidan expoñer algunha dúbida.
- 2ª fase: ofréceselles expresar "como se senten polo ocorrido?", como o están vivindo (momento para compartir a dor destes duros momentos).
- 3ª fase, ofrécese a posibilidade de compartir historias, anécdotas e recordos positivos con esta persoa.
- Opcionalmente, si se considera oportuno, pódense propor actividades para homenaxear ou recordar á persoa.
- Peche: agrádécese a súa participación, o feito de ter compartido co grupo os seus sentimentos e ideas para poder superar un momento tan duro.

CÍRCULOS: SEGREDOS PARA O ÉXITO

- Establecer un ton positivo
- Conseguir aliados
- Tema e obxectivo claros
- Todas as persoas entenden a razón pola que se fai
- Centrar o tema cando hai desvíos
- Destacar as ideas positivas no peche
- Facer seguimento cando haxa propostas de mellora

ETAPAS E FASES DO CÍRCULO

1. Criterio (o círculo é a mellor opción para abordar ese problema?)
2. Preparación (da introdución e da lista de preguntas)
3. O círculo, fases:
 - ✓ Benvida / Introducción / Crear confianza
 - ✓ Asunto / Tema / Problema
 - ✓ Decisión / Peche
4. Seguimento (avaliar o cumprimento dos acordos)

REPERTORIO DAS PRÁCTICAS RESTAURATIVAS

INFORMAL

FORMAL

A escoita

Declaracións afectivas

Preguntas restaurativas

Pequena reunión espontánea

Círculos restaurativos

Reunións formais

REUNIÓN RESTAURATIVAS

- Reunión dirixida por unha persoa FACILITADORA, que xunta ás persoas involucradas e afectadas nun incidente. A facilitadora guía o proceso, e rexistra os acordos, sen impoñer, aconsellar nin decidir sobre o acordo, unicamente velando por que non se vulneren con el os dereitos das persoas.
- Intervenían as persoas autoras, as receptoras, as afectadas e as persoas de apoio.
- Búscase atender ás necesidades das vítimas e promover o entendemento para poder restaurar as relacións, reparar os danos e asumir compromisos de futuro.

CANDO SE PODE FACER

Cando existe, por parte de aqueles que produciron dano, recoñecemento da responsabilidade nos feitos, non ter actuado ben e sempre que as persoas involucradas aceptan participar de forma **voluntaria**.

A prioridade é ofrecer un espazo seguro para conversar e atender as **necesidades das persoas danadas**.

PREPARACIÓN DA REUNIÓN

Entrevistas individuais con todas as persoas que participaran na reunión:

- Persoa ou persoas que danaron
- Persoa ou persoas danadas
- Outras persoas afectadas
- Persoas de apoio da/s receptoras
- Persoas de apoio da/s autoras/es

ESCOITAR EMPATICAMENTE Á PERSOA:
Que pasou? Como te sentes? Que necesitas?

INFORMAR SOBRE O FUNCIONAMENTO E
OBXECTIVOS DA REUNIÓN:
Como afectou o incidente a cada persoa?
Que debemos facer para reparar o dano?

RESOLVER ÁS SÚAS DÚBIDAS E
ASEGURARSE QUE VAI PARTICIPAR DE
FORMA VOLUNTARIA

A REUNIÓN

A persoa facilitadora segue un GUIÓN preestablecido de preguntas a cada participante.

Este guión está formado polas preguntas afectivas, e céntrase en cómo foron afectadas as persoas e cómo se vai reparar o dano.

Compartir un tempo mentres se prepara o acordo.

Compromisos de futuro e asinar os acordos Planificación dunha REUNIÓN DE SEGUIMIENTO para certificar que están a cumprirse os acordos.

PROPOSTA DE ACTIVIDADE

Introducir o círculo que imos facer.

- Se foras un super heroe e tiveses un super poder, cal sería e por que?
- Di un lugar no que te gusta estar, no que te sentes a gusto e por que
- Que foi o mellor deste curso ata o momento?
- Que foi o mais complicado deste curso ata o de agora?
- Que cres que aporta este xeito de falar?

Peché do círculo (agradecemos a participación aínda que non saíse “redondo”)

PRÁCTICAS RESTAURATIVAS EN SON GOTLEU



MOITAS GRACIAS!

rpdelisn@gmail.com

anapezfigue@gmail.com



Prácticas
Restaurativas